



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno para o 17.09.2026

Don Manuel Vázquez Faraldo, alcalde do Concello de Miño, dita a seguinte resolución:

De conformidade co establecido nos artigos 80 e 82 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

RESOLVO:

CONVOCAR A SESIÓN ORDINARIA do Pleno do Concello de Miño, que terá lugar o día 17.09.2026 ás 20:00 horas, no salón de plenos da casa do concello, e fixar a seguinte orde do día:

1. Aprobación de actas de sesións anteriores: sesión extraordinaria do Pleno do 04.09.2026 e sesión extraordinaria e urxente do Pleno do 10.09.2026.

2. Dación de contas da Resolución da Alcaldía de aprobación da liquidación de gastos e ingresos do orzamento deste concello correspondente ao exercicio 2025

3. Dación de contas do informe resumo anual dos resultados do control interno realizado no Concello de Miño durante o exercicio 2025 pola Intervención municipal

4. Elevación ao Pleno para o seu coñecemento dos informes de reparo emitidos no ano 2025 con Resolución do Presidente contraria ao mesmo ou con Resolución de validación de gasto

5. Dación de contas do informe trimestral sobre o cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, e o período medio de pago do 2º trimestre do 2026

6. Dación de contas das resolucións da Alcaldía: dende o día 15.06.2026 (resolución número 631/2026) ata o día 13.09.2026 (resolución número 1004/2026)

7. Dación de contas das actas da Xunta de Goberno Local das seguintes datas: 05.06.2026, 15.06.2026, 19.06.2026, 23.06.2026, 10.07.2026, 17.07.2026, 27.07.2026, 31.07.2026, 07.08.2026, 17.08.2026, 26.08.2026 e 28.08.2026

8. Mocións

8.1. Moción do Grupo Mixto-BNG de apoio á transferencia e á gratuidade da autoestrada AP-9

8.2. Moción do Grupo Mixto-BNG sobre a presenza do xabaril

8.3. Moción do Grupo Mixto-BNG para garantir o cumprimento íntegro do horario do alumnado da ESO do CPI Castro Baxoi

9. Informes do equipo de goberno

10. Rogos e preguntas

A documentación está á disposición de todos os concelleiros e concelleiras no portal de cargos electos da sede electrónica do Concello de Miño.

Miño, na data da sinatura dixital

O alcalde

Manuel Vázquez Faraldo

Dou fe. O secretario municipal

David Veiga Sierra